



**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 15 de maio de 2017 (DOG 26/05/2017)**

AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base séptima, apartados primeiro e segundo da Orde do 15 de maio de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración fai pública, como anexo a esta resolución, na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org/> o listado de puntuacións provisionais, abríndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación desta lista, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico ao secretario da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: guillermo.oteropineiro-maseda@xunta.gal

A data límite para o envío das reclamacións sobre a lista provisional é o día 19 de xullo.

De acordo co disposto no apartado segundo da dita base séptima da Orde de Convocatoria, a comisión de valoración fixará a puntuación mínima para acceder á segunda fase (entrevista) no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos.

As horas das entrevistas serán fixadas, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos das persoas aspirantes.

Infórmase de que está prevista a realización das entrevistas persoais en Santiago de Compostela o mércores 26 de xullo.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017

A presidenta da comisión de valoración

Pilar Romero Rodríguez

